

scane

A creación do libro moderno en Galicia

Con Xohán Ledo e Luís Seoane na memoria

XOSÉ DÍAZ

Contra finais dos anos cincuenta e comezos dos sesenta, cando eu era un rapaz aspirante a home, aparecían na miña casa —xa fose por correo, por algún amigo que chegaba de Buenos Aires, ou arroupados na maleta de meu pai, nas moitas das súas viaxes de regreso ao Castro— uns libros que en nada se semellaban aos que eu coñecía. Estaban feitos con distinta materia á que estaba acostumado a ver, e provocábanme un turbador feitizo que me é moi difícil de explicar. Eran uns obxectos de papel certamente fermosos e moi venerados na miña casa. Tanto o eran, que por temor a que os nenos estragásemos esas xoias, non nos poñían fácil o seu acceso, permanecendo os libros ben gardados no estudo de meu pai. A maior abundamento, falábase na casa acotío deles con admiración e devoción, e a curiosidade que se espertaba en min por ollalos era cada vez máis apremiante. De maneira que cando a ocasión o permitía —ausencia paterna, por exemplo—, achegábame a eles ás agachadas para devoralos.

Os libros de Luís Seoane chegados da Arxentina convertíanse nun marabilloso mundo que me deixaba engaiolado: as cores, as tipografías, o papel, as ilustracións... Todo iso, mesturado coa evocación da distancia, do prohibido, do inalcanzábel, tiráballe máis ao mociño que era eu daquela que a máis aloucada novela de Emilio Salgari. Tal é así, que cando Luís Seoane comezou a aparecer polo Castro nos anos sesenta, onde ten pasado longas estadías, a súa figura era para min máis imponente que calquera dos heroes que sacudían a miña imaxinación, xa fosen piratas, guerreiros do pasado ou do futuro, ou *cowboys* que montaban os máis fermosos alazáns nas enormes pradeiras americanas.

Foi neses anos sesenta cando coñecín tanto a Luís Seoane como a Ricardo García Suárez / Xohán Ledo, pois a calidade artística e humana do ferrolán-vigués, que exercía o seu maxisterio gráfico desde a Editorial Galaxia, non deixou indiferente a Luís, que axiña o incorporou ao seu círculo de ami-

◀ Retrato de Xohán Ledo realizado por Luís Seoane para a sección "Figuracións" de *La Voz de Galicia* (1-IV-1973).



zades. Tal é así que cando se inaugura o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en 1970, Seoane pídelle a Ricardo que forme parte do padroado da nova institución e non quere que se abra a pinacoteca sen incluír algunha obra súa, de maneira que desde o comezo Xohán Ledo estará representado no Museo con tres obras: dous óleos, un *gouache*, un gravado e unha monocopia. Un dos óleos é unha fermosa escena campestre e bucólica de trazos informais, case abstracta, na que se adiviña un mozo deitado acompañado dun can e dous paxaros. Meses despois da inauguración saía o *Caderno do Laboratorio de Formas 1*, no que Seoane cita a Xohán Ledo no artigo “Notas encol da arte galega e sobre o Museo Carlos Maside”, encadrando a súa obra plástica a carón da de Díaz Pardo, Lago Rivera, Tenreiro ou Labra.

Con Ricardo coincidín máis adiante en numerosas ocasións, como no “I Seminario encol do Libro Galego”, celebrado no Museo Carlos Maside en maio de 1972. Nel leu un relatorio titulado “O libro coma continente”, no que facía unha reflexión sobre o valor e a importancia da ilustración no libro galego. En *O libro galego a discusión* (1974), título do segundo caderno do Laboratorio de Formas de Galicia, reproducíase este relatorio, así como todas as intervencións de Ricardo nas discusións que tiveron lugar. Pero o máis interesante nesta publicación foi unha fermosa historia sobre a ilustración ao longo dos tempos, coa que Ricardo contribuíu ao seminario, titulada “Unha hestoria dibuxada por Xohán Ledo pra o Primeiro Seminario encol do Libro Galego”. Unha pequeniña xoia a cabalo entre o cartel de cego e o cómic, chea de graza e humor e intelixente ironía.

A admiración e a amizade que Ricardo lle profesa a Seoane, ao que considera o mestre da moderna gráfica galega, faise explícita no seu álbum de debuxos *Index indicente...*, editado

por Ediciós do Castro en 1975, que é unha especie de homenaxe que o autor lle fai ao propio Seoane, tal e como confesa na nota explicativa: “O libro foi maxinado como agradecemento ao labor artístico e cívico de Luís Seoane”. Esta admiración era recíproca, xa que Seoane lle dedicara a Ricardo, dous anos atrás, o día 1 de abril de 1973, unha das “Figuracións” que publicaba en *La Voz de Galicia* no transcurso dos anos setenta. No texto desta *figuración*, Seoane di do seu amigo: “Matinamos que moi poucos en Galicia teñen ou tiveron conciencia das verdadeiras revolucións da arte do noso tempo, como Ricardo García Suárez. Dos mortos, catro pintores, Maside, Francisco Miguel, Fernández Mazas e Souto. [...] Pódese afirmar que Xohán Ledo imprimiu carácter ao libro galego na península, conquistou para el unha diferenciación que se tiña enxergado doutro xeito nas desaparecidas edicións Nós de Santiago. Sabe moi ben que o libro non só é vehículo de cultura polo seu contido, senón tamén polo xeito de ser impreso e presentado. [...] Xohán Ledo, pintor e ensaísta, é para nós, ademais, o primeiro artista gráfico de Galicia e o que máis ten traballado neste senso”. Palabras estas que deixan constancia do aprecio que Ricardo lle merecía a Seoane como amigo, e do recoñecemento que este sentía polo labor gráfico de Xohán Ledo.

Pero volvamos a *Index indicente...* Este pequeno cartafol, editado ao xeito das carpetas de Luís Seoane, e do que se tiraron só 200 exemplares —os vinte primeiros cun gravado en madeira asinado polo autor e numerado do 1 ao 20— foi dedicado, como xa dixemos máis enriba, a Seoane, ao que Ricardo veneraba. Así o fai constar na coda do cartafol:

Iste feixe de dibuxos foi feito como sinxelo homenaxe persoal.

O seu coñecemento, pois, ficaba marcado moi estreitamente.



Participantes no 'I Seminario encol do Libro Galego', celebrado no Castro (Sada-A Coruña) en maio de 1972. Xohán Ledo, a carón de Rafael Dieste, está parcialmente tapado pola súa esposa Mimí. Entre outros, podemos atopar na fotografía a Ramón Piñeiro, Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo, Manuel María, Celestino Fernández de la Vega, Marino Dónega, Alejandro Finisterre, Manuel Gallego Jorreto, Siro López, Xosé Díaz, Xesús Campos, Antón Patiño, Manuel Caamaño, Euloxio Ruibal e Nemesio Barxa Álvarez.

Logo pasou que chegando de novo a amizade veu en darlle unha difusión meirande.

Os dibuxos son o que son, veñen aínda como homenaxe, agora públrico, ao noso artista Luís Seoane.

Uns meses despois de saír do prelo *Index indicente...* alá polo mes de nadal de 1975, presentámolo na Coruña, na librería Arenas do Cantón Grande. Como Seoane estaba daquela na Arxentina pedíume que llo presentásemos Domingo García-Sabell e mais eu. Tédesme que perdoar, pero non consigo lembrar as nosas intervencións que, con toda seguridade, ficaron gravadas no magnetófono que, nas fotografías que se conservan daquel acto, podemos ver enriba da mesa. Tamén podemos identificar unha carpeta diante miña, na que gardaba o texto que me enviara Luís Seoane desde Buenos Aires para ser lido na presentación. Fosen interesantes ou non —seguro que as de Domingo e Ricardo si o eran—, éme imposible recuperalas, de maneira que o vento as levou para sempre.

Index indicente... está composto por 26 debuxos de gran sobriedade e trazo arcai-

X Ledo

zante, o que non lles resta un ápice de expresividade. Están precedidos por un célebre verso de Mallarmé mal transcrito (confunde “dado” con “dedo” en “o azar no golpe de dados...”), o que lle provoca ao debuxante unha chea de situacións encadeadas que desembocan no argumento definitivo: o dedo índice que percorre dun xeito máxico diversas situacións no tempo e no espazo, tratadas dun xeito irónico e, por veces, satírico e intencionadamente crítico.

En 1976 coincidín de novo con Ricardo e a súa esposa Mimí en Sargadelos, pois a súa filla Trichi foi pasar alá con nós uns meses para facer unhas experiencias en cerámica, e os pais visitárona nalgunha ocasión. Tres anos despois, ao día seguinte da repentina morte de Luís Seoane, o 6 de abril de 1979, atópome de novo con Ricardo no cemiterio de Santo Amaro da Coruña, onde ambos os dous, discípulos e admiradores do mestre, dabámoslle o noso adeus fronte ao mar dos Ártabros. Tres meses despois, en xullo, o número de GRIAL dedicado a Luís Seoane uniunos de novo cunha colaboración gráfica en homenaxe ao amigo.

Ao ano seguinte, en xuño de 1980, volvíñ reunirme con Ricardo. Foi nunha mesa redonda que organizamos sobre deseño gráfico na Galería Sargadelos de Santiago, co gallo dunha exposición de carteis de cine, producidos polo ICAIC da Habana, do deseñador cubano Antonio Fernández Reboiro. Alí nos xuntamos uns cantos deseñadores gráficos —incluído Xohán Ledo— co cartelista cubano para falar sobre os problemas do deseño. Recordo as intervencións de Ricardo, que nun ton de sincera humildade quitáballe importancia ao seu traballo. Conmomeume a súa sinxeleza e absoluta falta de protagonismo e lembro que ao final rifou un pouco comigo pola importancia que eu lle otorgaba ao seu traballo gráfico en Galaxia. Así era el, humilde, sinxelo, o anti-protagonista. Nunca quería estar na primeira fila para saír grande na foto.

A renovación gráfica do libro galego

O libro é un obxecto que resulta dun proceso industrial. O deseño gráfico é, polo tanto, unha das disciplinas do deseño industrial,




Cuberta, portada e contraportada de *Index indicente...*, publicado por Edicións do Castro, 1975

por máis que lle pese a algún que outro nostáxico, cando afirman con vehemencia que o deseño gráfico é unha bela arte, ao ser un traballo que se fai baixo a inspiración das musas exclusivas dos artistas. Como creo que eses tempos de castas, musas e demais andrómenas de superioridade de uns sobre outros xa cheira que fede, considero que detrás dun libro hai un proceso industrial indubidábel, do que o deseño gráfico forma parte da primeira fase: a da configuración do obxecto. Hai varias razóns de peso para afirmar que o deseño gráfico é deseño industrial e non bela arte, pero a máis contundente é a da súa propia metodoloxía: o deseño gráfico estuda e define proxectos para a configuración de obxectos que, máis adiante, reproducirán máquinas de forma seriada.

Vén a conto este lerio para tratar de entender por que a renovación gráfica do libro en Galicia é tan serodia, e por que hai que agardar ata despois da Guerra Civil para que apareza esa renovación do libro. Pois moi sinxelo: porque en Galicia non existiu una industria editorial con certo grao de consolidación ata a década dos cincuenta, o que facía imposible e impensable un deseño gráfico actualizado. Iso no referente á Galicia do interior, pois na do exterior, na do exilio e a emigración, a renovación gráfica aparece a finais dos anos trinta e comezos dos corenta, en Buenos Aires, cos emprendementos editoriais de Luís Seoane.

Ben é certo que existen indicios dunha certa renovación gráfica nos anos anteriores á Guerra Civil. O propio Seoane ten participado en iniciativas anovadoras nos anos da República en Compostela, con Fernández Mazas ou Federico Ribas. Mais a guerra desfixo todas as expectativas que estaban agromando. Só Seoane lle puido dar continuidade, desde Buenos Aires, ao proceso de renovación da gráfica galega. E o fixo desde distintas plataformas




Unha das páxinas de "Unha hestoria dibuxada por Xohán Ledo pra o 1º Seminario encol do Libro Galego". *Cadernos do Laboratorio de Formas 2*, Edicións de Castro, 1974.

Xledo


editoriais que foi creando sucesivamente a partir de 1937, ata converterse nun dos referentes básicos da renovación gráfica do *boom* editorial arxentino dos anos corenta, que se nutría de deseñadores fuxidos dos fascismos europeos, como foi o caso do propio Seoane, do milanés Attilio Rosi —íntimo amigo de Luís e un dos grandes deseñadores italianos dos anos vinte e trinta, fundador en Milán en 1933 da célebre revista *Campo Gráfico*—, ou do alemán Jacobo Hermelin, fuxido da esmagante represión nazi. Se botamos unha ollada ás coleccións e editoriais fundadas por Luís Seoane en Buenos Aires, comprenderemos o enorme valor que supón a súa obra gráfico-editorial, case sempre relacionada con Galicia. Aí están as coleccións Hórreo, Dorna e Buen Aire, que puxo a andar para Emecé Editores a partir de 1939, ou a Editorial Nova que el fundou en 1943, coas súas fermosas coleccións “Mar Dulce”, “Camino de Santiago” ou “Pomba”; ou a editorial Botella al Mar, que funda en 1947, e para a que diseña

libros prodixiosos de gráfica vangardista, como os dedicados a Jean Cocteau, Luís Buñuel, Rafael Alberti ou Lorenzo Varela, e onde publica o seu poemario *Na brétema, Sant-Iago*, posibelmente o libro (obxecto) máis fermoso do século XX; ou a Editorial Citania a partir de 1956... por citar unha pequena parte da súa descomunal obra gráfica, na que o cartafol, o *tablebook*, ou o cartel adquiren unha extraordinaria relevancia.

Cando a obra gráfica de Seoane estaba xa no seu apoxeo, aló nos primeiros anos cincuenta, comezan en Galicia a agromar os primeiros síntomas de renovación gráfica co traballo de Xohán Ledo en Galaxia, un traballo deseñístico e de ilustración que está á espera dun estudo de gran calado, pois os achados expresivos e as solucións gráficas que acadou nos seus traballos son hoxe, desde a distancia do tempo, dunha sorprendente altura e únicos na Galicia do seu momento. Traballo este que non se entende, sen dúbida ningunha, sen o coñecemento que Ricardo



Catro cubertas da colección ‘Mar Dulce’, da Editorial Nova, deseñada por Luís Seoane en 1943. Para unificar todos os libros da colección, e tamén para diferenciarlos, Seoane utilizou en cada cuberta un fondo distinto de naipe, en plena sintonía co carácter popular da colección, unha das poucas de temática non galega que creou na Arxentina.



Xohán Ledo, entre Xosé Díaz e Domingo García-Sabell, o día da presentación de *Index indicente...* A Coruña, decembro de 1975.

Fotografía: Antón Buxán

posuía da obra editorial de Luís Seoane, que por aquelas datas xa empezaba a coñecerse en Galicia en pequenos círculos intelectuais que ían recibindo e dixerindo —moitos con admiración, todos con sorpresa e algún, que hai de todo na viña do señor, con ciumes e cobiza— os seus fermosos traballos.

Todos os que traballamos na gráfica hoxe en Galicia somos debedores en gran medida de Luís Seoane e Xohán Ledo, aínda que con toda seguridade se lle preguntades polos dous a algún que outro mozo da profesión, seguro estou de que nunca oíron falar deles. O que corrobora, nin máis nin menos, que xa son pedras fundacionais do noso alicerce cultural, é dicir: están aí pero non se ven, formando parte do magma no que se apoia a arquitectura cultural do país. Eu sempre lles recordo aos novos deseñadores que por moito que corran, por moito que avancen, o pasado rematará por darlles alcance. Sinxelamente: porque vai a máis velocidade. Dígo-llo, non para que deixen de investigar e buscar novos camiños ou teñan ambición de ir máis alá do que as convencións impoñen,

senón polo fastidio que me produce o descoñecemento que ten este país dos seus propios heroes. Recordo o que un día lle espetou Pascual Maragall a unha xornalista que lle preguntou o por que da animadversión amosada por unha gran parte da poboación carpetovetónica ao novo *Estatut catalán* que o *president* propoñía: “O futuro do país necesita un pasado mellor explicado”. A futura gráfica de Galicia necesita un coñecemento mellor dos seus alicerces: do contrario andaremos como ovellas, todos igualiños, todos facendo o mesmo. Que noxo! ■